

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 7 DE XULLO DE 2007.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugaros, sendo as doce horas e trinta e cinco minutos do día sete de xullo do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente de D. Xosé Fernández Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey, Dna. M^a. Anxos Díaz Prados, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. María África Pérez Filgueiras, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña María Gómez Díaz, Dna. María del Pilar Díaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval. Non asiste, con escusa, o concelleiro D. Moisés David Rivadulla Fernández. Asiste tamén a Interventora, D^a. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria accidental, a funcionaria, Dna. María Raquel Paz Gabín.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrese no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.

Sr. Alcalde: Antes de comezar a realización da sesión extraordinaria e urxente do día de hoxe, 07.07.2007, procede votar a ratificación, se procede, do carácter urxente da convocatoria. Dicar ao respecto desto que o motivo desta convocatoria máis que nada ven dado polos prazos que é preciso dar á interesada, neste caso Mahía, para que poida ter o prazo para alegar ao acordo deste pleno, si é que sae aprobado, e este prazo remata o 24 de xullo o mes en curso, e, polo tanto, non se podía retrasar máis a convocatoria deste Pleno. Dito isto, se somete a votación o carácter urxente.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Eu soamente tomo a palabra, en principio, para dicir o por qué do meu voto, voume abster polo principio de non poñer impedimentos ao debate; esa foi unha norma case sempre cumprida pola última corporación e con isto expreso o meu desexo de que tamén o sexa nesta. Por qué a abstención e non o voto afirmativo? Porque, a diferenza do que di o alcalde, entendo que houbo tempo de sobra, catro anos para plantexalo, e esperar a facelo nun pleno extraordinario e urxente me parece que non é moi serio.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Bos días a todos e a todas. Nós ímonos abster no carácter urxente da convocatoria no mesmo sentido de non evitar o debate e, polo tanto, dada a escasa documentación que había no expediente do pleno, que despois supoño que falaremos e se nos aclare exactamente cal é o contido do pleno, pero ben..., referenciando que, dende logo, houbo tempo para plantexar este debate, porque se ben é certo que o 24 de xullo do ano 2003 é cando se aproba definitivamente, non é menos certo que xa se levaba discutindo dende anos anteriores, houbera plenos incluso no ano 2002. En todo caso nós ímonos abster e ver o contido do debate.

Sr. Fernández Ameneiro: O grupo socialista tamén se vai abster porque consideramos que o carácter urxente da convocatoria ben puidera demorarse ata o luns ou o martes e aínda

estaríamos en prazo para que se lle puidera dar audiencia a Mahía e, polo tanto, poder preparar o pleno.

Sr. Alcalde: Se non hai máis intervencións, sométese a votación o carácter urxente da convocatoria.

Rematadas as intervencións, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por catro votos a favor (4 BNG) e oito abstencións (3 PSOE, 3 PP, 1 IPMU, 1 EU-IU) acorda ratificar o carácter urxente da convocatoria.

2.- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE LESIVIDADE DO ACORDO PLENARIO DE 24 DE XULLO DE 2003 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ADDENDA AO CONVENIO URBANÍSTICO DE O BAÑO.

Polo presidente dáse lectura á proposta da alcaldía, obrante no expediente, e que copiada literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA SOBRE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE LESIVIDADE DO ACORDO PLENARIO DE 24 DE XULLO DE 2003 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ADDENDA AO CONVENIO URBANÍSTICO DE O BAÑO.

ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN

1.- No día de hoxe recibíuse neste Concello o ditame xurídico interesado sobre posible declaración de lesividade do acordo plenario do 24 de xullo do 2003, que aprobou unha addenda ao convenio urbanístico suscrito o 19 de outubro de 1999 por este Concello e a sociedade mercantil Mahía Inmobiliaria, S.L.

Do citado informe despréndese que é conveniente tramitar o expediente para a posible declaración de lesividade da antedita addenda que debe resolver o Pleno da Corporación logo de darlle audiencia sobre o asunto á sociedade interesada.

2.- Dada a inmediatez do vencemento do prazo de catro anos desde que se ditou o acto a declarar lesivo, resulta da máxima urxencia a adopción do acordo de incoación do expediente para que, no seu caso, a declaración de lesividade poida ter lugar con anterioridade ao 24 de xullo deste ano.

Polo exposto, e ao abeiro do previsto no art. 97 e 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro de ROF, sométese á consideración do Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO

1º.- En base ao previsto no art. 53 da Lei 7/1985, de 2 de abril e art. 103 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, incoar expediente de revisión de oficio para a declaración de lesividade do acordo plenario do 24 de xullo de 2003, polo que se aprobou definitivamente a Addenda ao convenio urbanístico de O Baño suscrito coa sociedade mercantil Mahía Inmobiliaria S.L.

2º.- De conformidade co art. 103.2 e 84 da Lei 30/1992, outorgar trámite de audiencia no expediente, por un prazo de dez días, a Mahía Inmobiliaria S.L., para que poida alegar o que xulgue oportuno en defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.”

Sr. Bouza Rey: Bó día, soamente para dicir que nós, o grupo municipal do BNG, imos votar a favor e nada máis.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Eu, a verdade, pensei que se nos ía explicar o contido da proposta, máis alá da proposta da alcaldía; en todo caso, nós queremos reflectir que polo

menos o que é ó ditame xurídico ao que fai referencia a proposta da alcaldía non tivemos acceso ata hoxe ás 11,15 horas da mañá, dado que onte non estaba no expediente, ou polo menos nós non tivemos acceso cando collemos o expediente do pleno, pero, a maiores, creemos que falta todo o expediente administrativo, da addenda, do convenio e todo o que require. É certo que o prazo remata o 24 de xullo do ano 2007, legalmente, si se quere incoar expediente de declaración de lesividade e, polo tanto, por iso nos abstivemos tamén na urxencia pero, dende logo, os argumentos que se nos dan nos explican exactamente cal é o motivo polo cal se trae aquí neste momento, cando houbo tempo suficiente nos catro anos anteriores, dado que o BNG gobernou coa alcaldía nos catro anos anteriores, e si o informe ou ditame xurídico está feito a petición da alcaldía con carácter urxente, en todo caso aquí tamén é o cambio de opinión, porque o BNG no pleno do 24 de xullo do ano 2003 se abstén unha vez que, previamente o 14 de maio, no pleno do 2003, vota en contra, non sabemos si é por cambio de posición, que pasa de presidente da comisión de obras a alcalde, de aí ven a abstención, e posteriormente agora se quere retomar o tema. En todo caso para nós si é fundamental que haxa un informe do secretario e os informes técnicos de urbanismo sobre o ditame xurídico que aquí se trae, dado que, en principio, nós non coñecemos á persoa, non temos ningún dato en torno ao avogado que fai este ditame xurídico, é un ditame xurídico externo ao que é a asesoría legal do Concello de Mugardos, e a quen ten que velar polos intereses do Concello, que é o secretario, e naquel momento, ademais, a addenda contou co informe do secretario e o informe dos técnicos; polo tanto, para nós é fundamental que apareza o informe do secretario e o informe da apareladora para poder valorar as consecuencias que pode traer para o Concello o votar a favor ou en contra desta proposta da iniciación do expediente de declaración de lesividade e posteriormente do contencioso-administrativo a que levaría se saíse aprobado.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Eu na liña que acaba de expoñer a compañeira soamente lembrar que hoxe debatemos un tema, na miña opinión incomprensiblemente este tema non pasou por comisión, pola comisión actual, non ten informe algún, nin do secretario nin do asesor urbanístico actual e nin tan sequera están no expediente os informes feitos no seu día polo secretario do Concello e o asesor urbanístico daquel entón, catedrático sr. Casqueiro, que acompañaron e axudaron a tomar a decisión no pleno do 24 de xullo de 2003 e tampouco está o informe da Xunta de Galicia onde se lle deu o visto bo á addenda, ningunha destas cousas está e, polo tanto, entendo que é un debate en falso, que non é un debate onde cada un dos que estamos aquí temos que votar e temos o respaldo e a claridade para votar unha cousa ou outra.

Eu creo, ademais, que o tema de buscar a lesividade podería terse empregado perfectamente noutras cousas, e quero ser moi claro; ese tema, ese camiño, non se escolleu para, por exemplo, as obras da rúa María, podería facerse para as obras da rúa María, non se escolleu, o que si escollemos algúns foi presentalo ao fiscal e o fiscal o tramita. En contraposición con esa forma de actuar hai unha resposta por parte do alcalde que foi unha querela criminal que nos presentou aos que escollemos ese tipo de camiño. Este non é o camiño que se plantexa hoxe, eu creo que se quere usar o concello como plataforma política do BNG, e a min me parece correcto, pero correcto si se toma a decisión con xustificantes, todos os xustificantes posibles para que cada un de nós teña claro cal é o camiño e a opción que escollemos; iso non se da, espero que no debate, que falta aínda, se me clarifiquen moito máis as cousas para poder votar nun sentido ou en outro; de momento nada máis.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Bos días, dado que estivemos escoitando, a pesar de saber moi ben o noso posicionamento, a min me xorden máis que dúbidas, imos ver..., dúbidas sobre o que estamos debatendo, porque eu creo que os grupos estamos falando de moitas cousas pero realmente o contido do debate eu non o coñezo, e como nós non o coñecemos quereríamos entrar no debate en si. Estamos entrando no formalismo, na forma de presentación do que temos aquí hoxe; nós, en primeiro lugar non compartimos a forma, entendemos que o formato, o pleno de hoxe non pode contemplar un asunto así, pero ben..., se meteu... o grupo de goberno quixo implicalo así, pero aparte deso nós estamos hoxe aquí para, en certo modo, valorar un ditame xurídico, que non deixa de ser un ditame xurídico en canto a unha posible declaración de lesividade sobre un expediente antigo; entón, sobre iso, dado que estamos falando de informes xurídicos municipais sobre o contido dunha proposta, home, é chamativo que en primeiro lugar non haxa informes xurídicos por parte de quen ten que emitir os informes xurídicos, que neste caso é o secretario da corporación; e por qué dicimos nós iso? Porque as consecuencias xurídicas que se derivan dos acordos que se adoptan, tanto no pleno de hoxe como no pleno que poidan xurdir, só quedan cubertas de forma legal por parte dos informes de quen ten que expoñelos; noutras palabras, non podemos debater sobre a legalidade dunha cuestión si quen ten que decidir sobre o que é legal, baixo o seu punto de vista, é o secretario da corporación, e eu, como teño moitas dúbidas, e perdoen a miña ignorancia nese sentido; humildemente, en casos xurídicos nos a teño, quixera que o secretario da corporación estivera presente, como mínimo, para dicir que os acordos que se van adoptar non son nulos de pleno dereito, porque eu realmente, non sei o contido da cuestión.

Por outro lado, en canto aos informes técnicos, si estamos falando dun tema urbanístico, tamén votamos de menos o informe técnico correspondente, loxicamente, porque eu non vou falar de algo que non coñezo; entón, en primeiro lugar, nós estamos aquí para tomar decisións políticas, pero sobre informes técnicos nós non imos facer manifestacións de tipo técnico, e moito menos xurídico.

O que se ven a plantexar aquí hoxe é sobre un expediente e que nós fagamos de xuíz e xurado. Nós non sabemos. De todas maneiras imos esperar o contido do debate, porque igual hai algún grupo que ten información aínda maior que nós, ou o propio grupo de goberno aínda máis e nos sacan desas dúbidas e lagoas que temos. Nós, baixo o noso punto de vista, imos esperar ao contido da cuestión porque eu, e creo que os meus compañeiros tamén, non coñecemos o que imos debater, e eu creo que é o primeiro que hai que facer para debater algo. Grazas.

Sr. Alcalde: Se non hai máis palabras, un pouco para aclarar a situación, aínda que logo vai haber unha segunda quenda de debate, dicir primeiro que as consecuencias para o concello... ningunhas consecuencias, co acto que estamos facendo hoxe o único que pretendemos facer é autorizar a este pleno para incoar un expediente de lesividade que se aprobará nun próximo pleno, non agora, agora o que estamos facendo é iniciar a tramitación para facer un expediente de incoación de lesividade; segundo, é unha proposta da alcaldía, polo tanto non ten que pasar por ningunha comisión; non hai que dicir aquí que pasou por comisión porque é unha proposta da alcaldía, e, despois, dicir que faltan os informes e os expedientes..., os expedientes levan aquí dende o ano..., creo, 99, que se asinou... ou no 2000 que se asinou o convenio con Mahía, polo tanto calquera concelleiro, non os novos, ao mellor, non así os novos, pero os que levan aquí 20 ou 18 anos, saben perfectamente que o expediente está aí e o poden ver en calquera momento; polo tanto, non é necesario traer a este pleno do día de hoxe o expediente que se fixo no seu día con Mahía, non é necesario para nada.

O que se trae aquí é unha proposta da alcaldía para iniciar, xa digo, o expediente de incoación, e dicir que o BNG intenta utilizar o concello como plataforma política me parece un pouco bastante fóra de lugar, o BNG o único que pretende é facer xustiza, en todo caso si é que verdadeiramente se fixo en xustiza cando se asinou ese convenio, ten dúbidas e como ten dúbidas, ten o pleno dereito de facer este pleno para iniciar o expediente de incoación, iso non é facer plataforma ningunha política. Iso é facer a función que ten que facer o grupo político no Concello, aclarar, si é que hai que aclarar algunha cousa, aclarar o que haxa no expediente e hai cousas que hai que aclarar, cómo non vai haber cousas que aclarar? Efectivamente pasou tempo, claro que pasou tempo, e o BNG no seu momento xa fixera un recurso á addenda do convenio, porque entendía naquel momento que había algo incorrecto porque non estaban valoradas as dúas parcelas que se intentaban permutar, non había un informe pericial que dixera canto valía unha parcela e canto valía outra e por iso se fixo o recurso e é certo que a posteriori se fixo un pleno en que o BNG se abstuvo con respecto ao tema do recurso, é certo, pero tamén é certo que o que está aquí, sentado nesta presidencia, que lle correspondía presidir ese pleno non o presidiu porque non estaba de acordo con ese tipo de acordo, entre aspas, dos partidos, e é certo que pasou tempo e que levou tempo aclarar cousas, eu teño aquí un documento do catastro, do ano 2004, no que me di que a propiedade do Pazo de Mahía é do concello, a parcela e o Pazo, e é certo, e o digo aquí sinceramente, sen medo ningún, que me metía moito medo iniciar este tipo de expediente, pero non queda máis remedio que chegada a situación actual teño que actuar, porque entón estaría actuando en contra da miña conciencia, e eu teño aquí un documento tamén do rexistro da propiedade de Pontedeume do ano 2006, no que me di que a parcela e o Pazo son do Concello, rexistrados ao cen por cen a nome do Concello, polo tanto, a única forma de saber si efectivamente nós somos os propietarios dese inmovible e desa parcela é facendo o que estamos facendo hoxe. Outra cousa distinta é que os grupos queiran criticar o poidan facer o que queiran, pero o certo é que estamos iniciando un proceso para saber si exactamente o Pazo e a parcela é do Concello, porque no rexistro, xa digo, o cen por cen é do Concello, e, en todo caso, dicir que aquí sempre se creu que era a parcela, soamente era do Concello e que o Pazo era de Mahía; iso foi o que se transmitiu sempre a todos, e o que nós non entendemos é que se poida transmitir unha parcela e que un sexa propietario da parcela e outro propietario do Pazo, a ver..., si hai un conflito entre os dous, a ver como pode entrar ese home á casa del, porque si eu son dono da parcela non o deixo pasar; entón, dos informes xurídicos que se pediron, externos, claro, que tamén é legal pedilos externamente que é imposible que se poida facer unha transmisión dunha parcela, que dentro do plan de urbanismo está destinada para uso público, porque iso está aí e no plan parcial que se aprobou no seu día a propia Xunta require ao Concello por varias veces que non trate de quitar ese espazo público para espazo privado. Ese espazo ten que ser, o recalca, ten que ser de uso público, polo tanto non se entende que poida haber a cesión dunha parcela sen o seu contido segundo, digamos, di no propio informe que en termos..., digamos, en linguaxe de avogados di “superficies solo cedit”, está escrito en latín, pero di que as superficies ceden todo o que vai contido nelas; polo tanto, se nós temos isto, a única forma de podelo saber, a día de hoxe, é facendo o que estamos facendo, outra cousa distinta é si os grupos non queren e queren deixarlle a posibilidade a Mahía de que dentro de 24 días se quede con todo; entón é o que traemos nós ao pleno a día de hoxe e, xa digo, eu falo con datos na man, copia do rexistro da propiedade do ano 2006, titular Concello de Mugardos ao cen por cen. Agora..., pode ser que isto estea equivocado, o do rexistro, non sei..., as escrituras se rexistraron no notario tamén a nome do Concello de Mugardos ao cen por cen, polo tanto, segundo di aquí conforme á instrución da Dirección Xeral de Rexistros e Notarios de 17 de febreiro de 1998.

Dito isto os grupos teñen a palabra para intervir outra vez.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Imos ver se imos un pouco máis ao concreto porque da a impresión de que aínda estamos nas eleccións e eu creo que non o estamos. Primeiro, é a primeira vez ou das poucas veces que no pleno do Concello de Mugardos, cando se debate un tema importante, e eu creo que este é un tema importante, non soamente non está o informe do secretario para este momento, e eu creo que non está por unha circunstancia especial, e non están tampouco todos os antecedentes, é certo que está toda a documentación, e toda a documentación a ten o Concello, claro, de todo, pero sempre e é norma, que en calquera pleno a documentación que atinxe ao tema que se vai debater este, non está ningún, porque todo o que ti dixeches, alcalde, todo é moi bonito, pero esa información xa se tiña cando se aprobou no pleno a addenda e nesa información está o tema do secretario, está o tema do secretario e do asesor, e ollo, me parece moi ben, qué é o que imos facer, pero si a decisión se tomou como base nun informe do secretario e do asesor, de darse a circunstancia contraria que me diga o alcalde ou o BNG que é o que se vai facer co secretario e co asesor, claramente, se lles vai abrir un expediente? Sí ou non? Esa é unha cousa que eu creo que é importante, e, en segundo lugar, eu reitero o mesmo, son catro anos en que isto estivo parado, non sei si se esperaba a outro momento, que é moi lícito buscalo, pero o que si é certo é que estando parado se puido sempre, aínda non tendo maioría no pleno, o grupo de goberno puido terlle plantexado, el mesmo, estas dúbidas ao fiscal que ten o alcalde, é dicir, se puido ter feito, non se fixo e se fai agora. Claro, cal é a situación? A situación, cando menos para min, é complicada, porque si voto afirmativamente o fago sen un coñecemento claro do que estou votando e si voto negativamente se me pode dicir, seguramente se me dirá, que non defendo os intereses de Mugardos e que non sei qué..., o rolo que con frecuencia se soe dicir, polo tanto, a situación é complicada, si é así e se me despexan as dúbidas, o que eu propono é o que alguén dixo antes, me parece que foi o PP ou o PSOE, non lembro exactamente, é dicir, si estamos a tempo o luns, que o luns o secretario faga un informe ao respecto e facemos unha con carácter extraordinario e urxente, que por certo, reitero o tema de extraordinario, outro pleno máis non é para que haxa outro pleno máis, como pasou cando foi o tema dos diñeiros, non, non, xa van dous plenos, pero é igual. O luns, con ese informe do secretario, tomamos unha decisión consciente do que tomemos, e fagamos as cousas ben. Xa digo, na miña opinión, o camiño está aberto, sempre para todo o mundo, é que cando hai unha irregularidade que o presente ante o fiscal como fixemos outros noutros casos.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Eu creo que, en todo caso, o único lesivo para o Concello é non aportar a documentación que se ten e que non está no expediente, e que se saia con documentación do catastro do 2004, do rexistro da propiedade do ano 2006, eu creo que iso si que é lesivo para o Concello, porque é obrigar, polo menos ao resto dos grupos municipais, a votar sen ter toda a documentación e a votar ademais cun informe que se recolle hoxe pola mañá e que parte do principio de que o Pazo é de titularidade pública e non de uso público e pode ser que o principio sexa erróneo porque se non fora erróneo, dende logo, Esquerda Unida non votou a favor da addenda no 2003, o 15 de maio votou en contra, pero estou convencida de que ningún grupo houbera, probablemente, votado a favor; en todo caso, como nós non imos xulgar o ditame xurídico, si queremos que apareza o informe do secretario e o informe dos técnicos de urbanismo antes de pronunciarnos sobre si o Concello debe de abrir ou iniciar o expediente de lesividade para o Concello. Si as cousas se fixeran ben e con tempo e dado que temos... e estivemos durante catro anos, e o alcalde foi o mesmo durante catro anos, co agravante de que agora recoñece que

non veu a ese pleno, facendo deixazón das súas funcións porque non estaba de acordo coa abstención que ía manter o BNG, entón ao mellor non debería ter chegado ao acordo co PSOE e non debería ser o alcalde naquel momento pero esa non é unha discusión que nos toque a nós facela. Só recordar tamén que o BNG nese momento se abstivo, que o BNG leva gobernando os dous anos anteriores en solitario e que, polo tanto, esa proposta a puido ter feito; é certo que non ten que pasar por comisión, pero tamén é certo que legalmente o acordo para iniciar ese expediente o ten que adoptar o Pleno da Corporación e por iso se nos convoca, si a alcaldía o puidera ter iniciado sen necesitar o acordo do Pleno o houbera feito e nos houbéramos enterado pola prensa, como é habitualmente, o foi nos catro anos anteriores e creo que vai ser nestes catro anos tamén. Os expedientes sempre se poñen no Pleno, os concelleiros non soemos andar con todos os expedientes por aí. En todo caso, nós tamén pretendemos xustiza e si o Pazo é do Concello de Mugar dos tamén queremos que se recupere para titularidade pública, pero tamén seguro que conlevará outras actuacións para os que asinaron os informes técnicos, neste caso o secretario, porque creo que o resto non sigue vinculado e para os propios concelleiros que votaron nese pleno, supoño eu, ou que se abstiveron ou fixeron deixazón de funcións, supoño que traerá máis consecuencias, e tamén consecuencias económicas dado que se supón que o Concello se ten que meter nun contencioso-administrativo durante anos e non sabemos si terá que dar indemnización ou non a Mahía co paso do tempo que foi dende fai catro anos.

Polo tanto, nós non estamos en condicións de votar a favor sen eses informes técnicos, creemos que houbo tempo suficiente durante estes catro anos, si os informes técnicos do secretario e da arquitecta asesora coinciden en que o Pazo é de titularidade municipal, dado que nós votamos en contra da addenda, dende logo, apoiaremos que o Concello inicie ese expediente de lesividade; mentres, si nesa documentación, sen ver o do catastro e sen ver o do rexistro da propiedade e outros datos que alega o alcalde, nin coñecendo ademais á persoa, que non dubidamos da súa profesionalidade, pero que redactou o informe, non estamos en condicións de poder levar ao Concello a que inicie esa tramitación, sendo conscientes tamén, ademais, de que o prazo é perfectamente viable, dado que a lei marca como mínimo dez días, como máximo quince, para audiencia a Mahía e que, polo tanto, estaríamos en prazo ata o 24 de xullo do ano 2007.

Sr. Fernández Ameneiro: Cando se asinou o convenio coa Inmobiliaria Mahía parece que todos os grupos tiñan claro que o terreo era propiedade municipal e o Pazo era da Inmobiliaria Mahía; agora, coa documentación da que, supostamente, dispón o alcalde, parece ser a posible propiedade municipal do Pazo; e eu creo que para que podamos valorar todos os grupos municipais debíamos de ter acceso a todos os informes, no expediente, ao menos a día de onte, non había ningunha documentación para poder comprobalo salvo a proposta da alcaldía. Nós creemos que dende a alcaldía se debía propiciar que todos os grupos municipais chegáramos aos plenos con toda a información posible para que, deste xeito, puidéramos valorar, puidéramos contrastar e puidéramos verificar a información e deste xeito pronunciarnos con rigor, non? E coincido cos compañeiros en que creo que sería importantísimo que cando veñamos aos plenos teñamos información detallada e os informes técnicos do secretario para poder pronunciarnos con certa claridade.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Sabemos perfectamente que na nova corporación hai moitas incorporacións e é lóxico pensar que aínda que estamos ao corrente do expediente que se iniciou co tema da addenda do Baño, etc., etc... a min persoalmente xúrdeme

incredulidade de que a día de hoxe se xeren dúbidas razoables sobre a propiedade dun inmovible que parece ser que é municipal. Eu me sorprendo por dúas cuestións, unha, non entendo como un inmovible das características do Baño se estea agora cuestionando si é municipal ou non, e a segunda dúbida é que si se xeran as dúbidas os que estaban gobernando por aquel entón, qué estaban facendo? Son as dúbidas que como veciño tería que manifestar.

Imos ver..., un inmovible das características de Mahía, que é verdade que o P.P. votou no seu día a addenda do Baño, sobre os informes que constaban no expediente, ollo; estamos falando do expediente e dos informes que se incluían dentro do expediente, non sobre o que non está no expediente. O digo por si se quere susurrar algún tipo de responsabilidade penal polo que puidera derivarse, nós estamos moi tranquilos porque nós votamos, os que no seu día votaron, sobre os informes que estaban no expediente. En todo caso, nós tampouco queremos agora incorrer en promover o ben que se gobernou este asunto, porque queda claro hoxe que non se fixo ben, e non eramos nós os que gobernábamos o Concello, eran todos vostedes, pero ben..., esa é outra materia.

Nós creemos que o contido do que hoxe se trae aquí é lexítimo, que unha propiedade que debe ser municipal deixe de ser municipal, me parece unha incoherencia e a calquera persoa que estea aquí, nós non imos discutir o contido ese, nós non imos discutir; en primeiro lugar non queremos incorrer nunha indefensión xurídica no sentido de que nós non podemos votar aquilo que non nos consta; eu non podo dar por suposto que os informes xurídicos que se poidan presentar sobre un expediente como pode ser o de Mahía..., eu, en base a qué podo votalo? Eu entendo perfectamente o punto de vista do BNG, loxicamente o contido da cuestión..., o contido é lexítimo, porque é facer municipal algo que xa se cree que é municipal e facelo constar así, pero vostede ten que entender que mañá Mahía, moi lexitimamente, entra nun contencioso-administrativo en contra deste Concello e, evidentemente, os que hoxe facemos un acordo plenario aquí teríamos que sentarnos no banquillo dos acusados, como mínimo para defendernos. Eu non podo chegar, sr. alcalde, e créame que estou de acordo no contido da cuestión..., eu non podo chegar xunto do xuíz e dicir que votei a favor de empezar un expediente sen un informe, en primeiro lugar dos servizos urbanísticos e, en segundo lugar, do secretario da corporación, ten que entender a cuestión; agora, eu intento dar unha proposta e eu proponho ao Pleno, en todo caso, e á alcaldía, que é a que fai a proposta, que o luns, con urxencia, con toda a urxencia que se lle queira dar, fagamos unha xuntanza na que estean presentes os voceiros municipais, os técnicos de urbanismo e o secretario da corporación e quede claro, en primeiro lugar, a cobertura xurídica das actuacións que teñen que adoptarse no Pleno e os informes preceptivos de tema urbanístico que apoien a premisa que hoxe está poñendo en cuestión o BNG. Eu estou de acordo e nós estaríamos de acordo, loxicamente, non imos estar baixo unha indefensión xurídica porque non nos chupamos o dedo aquí e, loxicamente, nós, con eses informes e coas espaldas ben cubertas, nós estamos dispostos a apoiar a proposta da alcaldía.

Sr. Alcalde: Imos ver..., eu creo que se está desviando a cuestión cara a terreos que non son os normais, os informes dos técnicos municipais xa están arriba, tanto do secretario como dos..., con respecto ao que estamos falando, xa están arriba no expediente. Qué vas dicir? Que fagan o mesmo informe que fixeron no seu día? Aquí se da a circunstancia de que hai unha copia literal do rexistro da propiedade que di: Descrición da finca: parcela ao lugar de O Baño, no termo municipal de Mugarodos. Sobre esta finca atópase a edificación existente nunha das fincas aportadas que se mantén dentro de ordenación e se describe como casa sinalada co núm. 1 do lugar de O Baño, composta planta baixa, dividida en portalón de entrada, vestíbulo, capela,

cociña, adegas e outros departamentos, piso alto distribuído en pasillo central, salón, tal, tal, tal... Nome do titular: Concello de Mugardos, ao cen por cen adxudicada, e non se trata de uso público, se trata de titularidade pública, a ver si o digo ben, titularidade pública, non de uso público. Polo tanto, non levemos as cousas a un informe do secretario, un informe de..., porque xa o fixeron. Esta é unha decisión política, dos grupos políticos de reabrir un caso que hai dúbidas para dicir que Mahía pretende usurpar un Pazo que non lle corresponde. E qué pasa? Cántos contenciosos fixo o Concello e cuántos contenciosos perdeu? E a única forma era facelo así, claro que podía facelo en tempo de eleccións, claro que podía facelo, pero non é o meu estilo ese, non é o meu estilo sacar cousas en tempo de eleccións porque entón entrábamos na guerrita esa, un por un lado e outro polo outro; e o do fiscal..., o do fiscal non é cuestión de culpar a ninguén, de meter na cadea a ninguén, senón de recuperar o que consideramos que creemos que é noso, e si houbo un erro cometemos todos o erro, eu incluído, pero si o detectamos agora mesmo, temos que tomar unha decisión política os grupos, non os técnicos, os técnicos xa informaron no seu día; entón, a min me parece que se está desviando o tema a retrasar, e retrasar significa que quedamos sen prazo. Qué pasa? Non pasa nada porque o concello non se compromete para nada se toma o acordo de iniciar o expediente de incoación de lesividade. Qué pasa? Non pasa nada. Nos van levar á cadea por iso? Para nada, o único que facemos é reabrir algo que consideramos que non se fixo ben no seu día, polas circunstancias que foran, porque fomos como di Fariña moitas veces uns pardillos, ou porque tal..., pero o do rexistro está aí, é unha copia literal, e esta copia literal a fun buscar eu persoalmente, a nivel persoal ao Rexistro da Propiedade e me custou moitísimo tempo tomar a decisión esa pero ao final a tomei e fun alí, tiver unha entrevista coa rexistradora a título persoal e é o que está aquí, eu non estou inventando nada, é unha copia literal do Rexistro de Pontedeume, e di o que lin antes, que o titular é o Concello de Mugardos ao cen por cen, e non é de uso público, é de titularidade pública.

Polo tanto, os grupos podeades dicir o que queirades pero os expedientes do Pazo de Mahía están aí, os informes están aí, agora, queredes que os técnicos municipais do Concello emitan o mesmo informe que emitiron no seu día, porque non se van desdicir do que dixeron no seu día. Se van desdicir do que dixeron no seu día? Non se van desdicir. Por qué se trae un informe externo? Por iso, porque é inútil pedilo aos técnicos do concello porque van facer o mesmo, entón se pide un informe a un gabinete de avogados que traballan tamén nestes temas, temas administrativos. Me parece..., pois iso, estar retorcendo a cousa, me parece demasiado porque non estamos pedindo nada, estamos pedindo soamente que este Pleno teña unha decisión política de facerlle caso a iso, non pasa nada, non lle estamos quitando nada a ninguén, nin estamos condenando a ninguén, nin estamos levando a ninguén ao fiscal, estamos intentando reabrir o caso e que se clarifiquen as cousas. Nada máis.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Só unha pregunta pola última intervención da alcaldía e é si crees que o secretario, coa documentación oficial de que o Pazo de Rilo é de titularidade municipal, faría un informe contrario? Porque si é así estamos falando doutra cousa non de que o Concello inicie un expediente de incoación de lesividade só para recuperar o Pazo de Rilo, senón que estaríamos falando de algo máis grave, perdón, do Pazo das Condesas, senón estaríamos falando de consecuencias máis graves. É dicir, o secretario, coa documentación que ti tes, que non ten o resto dos grupos municipais e polo tanto non podemos corroborar, coa documentación oficial de que o Pazo das Condesas é de titularidade municipal, faría un informe contrario? É iso?

Sr. Alcalde: Cómo? A ver, eu digo que cando se aprobou a addenda se fixo un informe.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): A ver..., coa documentación que hai agora, que ti tes, o secretario, con documentación oficial de que o Pazo das Condesas é de titularidade municipal, faría un informe en sentido negativo? Porque entón estamos falando doutra cousa.

Sr. Alcalde: Non o sei, eu non sei o que faría o secretario.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Eu un pouco coincidindo, como é normal hoxe, o tema é o seguinte: é certo que hai un informe, alcalde, é verdade que hai un informe, pero esa documentación que ti conseguiches con traballo, esforzo, suor e lágrimas, non sei si o coñece ou non o secretario.

Sr. Alcalde: Está no Concello.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Me permites un momentinho?

Sr. Alcalde: Está no Concello.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Déixame rematar. E me estraña, dubido moitísimo que por primeira vez, ante este caso, non se dixese nada ao secretario. Nada, e que non apareza. Cal é o problema de que o luns, a proposta se fai aquí, en función de que hai datos novos que ti aportas, o secretario diga si fai o mesmo informe ou fai o contrario e por qué o fai? Porque entón é unha irresponsabilidade tremenda del, eu o dixen antes abertamente, claro, a decisión que tomamos aquí, cando son este tipo de cousas, claro que temos que ter a asesoría do secretario.

E por outra, unha dúbida razoable, si os avogados que son os da rúa María, por favor, que non te defendan nin defendan a esa porque perderán unha vez máis.

Sr. Alcalde: Ben, ben, vale. Imos ver...Isto está no proxecto de compensación que no seu día fixo Mahía co Concello, xa digo, está no proxecto de compensación, aquí, e me parece que ti, Fariña, o sabes perfectamente, e Pilar, e incluso o sr. Varela, que no seu día era tamén membro da comisión de urbanismo e que participou neso. Iso está no proxecto de compensación, o que pasa é que sempre se dixo aquí que a parcela era do Concello e o Pazo de Mahía, en función a unha condición suspensiva que consta, que di que ata que polo Pleno do Concello de Mugar dos se adopte acordo sobre a necesidade de dispor da finca, momento en que se procedería á correspondente valoración, pero isto non se ten de pé xuridicamente, esta condición suspensiva non se pode permitir, nin a propia rexistradora da propiedade..., cando estiven eu con ela me dixo: “Isto nunca se debeu de rexistrar con esta condición suspensiva”, pero non ten valor xurídico ningún porque é nula de pleno dereito, e por iso temos que facer o tema de aprobar neste pleno iniciar ese expediente, non se está buscando ningún mérito político nin moito menos, o único que se está buscando é recuperar unha propiedade que pertence ao Concello e que, no seu día, en base a unha addenda que se fixo, permutar unha parcela por outro, pois se permutou todo xunto, se permutou a parcela do Pazo, que era o que dicían, pero se permutou a parcela e máis o Pazo por outra parcela que non vale para nada e que ademais, aínda por riba, non estaba un informe pericial de canto valía unha e canto valía outra. Por qué non estaba? Pois eu me

imaxino que non estaba porque había que incluír o Pazo e valoralo e entón xa saltaba a galiña. Entón, a min me parece, o teño que dicir, dunha irresponsabilidade tremenda que os grupos políticos non tomen unha decisión política para dicir “imos mirar si efectivamente...”, me parece unha irresponsabilidade tremenda, e que traten de... imos prolongar..., un informe e tal..., home, os informes están aí, sobre a addenda, os informes están aí sobre o convenio, sobre o Plan Parcial, como están tamén os informes da Xunta, onde din textualmente “esa parcela ten que ser de titularidade pública”, llo di reiteradamente ao Concello porque dende o principio se intentou levala á propiedade privada, porque non pode ser privada porque dentro do plan de urbanismo está considerada como de usos xerais, de servizos xerais e, polo tanto, ten que ser pública, en base ao Plan Parcial, e nós non imos retrasar isto baixo ningún concepto, si o traemos con carácter de urxencia e extraordinaria non podemos facer iso.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Dado que se dixo que a propiedade se había dado sen o acceso á vivenda, se falou de que o propietario podería ter o contorno sen ter o acceso propio ao Pazo, eu creo que iso xa é ilegal, non se pode vender unha vivenda sen os accesos a unha vivenda; entón estamos falando doutra cousa. Estamos falando de que o que vendeu o Pazo non o fixo legalmente, entón é outra cousa que temos que falar, iso en primeiro lugar. Non se pode vender o Pazo das Condesas sen o contorno do Pazo das Condesas, sen os accesos, porque non é legal, entón xa se negociou sobre premisas, dende o meu punto de vista..., en fin...

Por outro lado, efectivamente, como apunta un compañeiro, se non consta, se entende de oficio. Si vendo a propiedade se entende que o solo onde está é meu tamén, entendo, pero ao mellor é entender demasiado. A pregunta que fago eu é: É necesario e é un requisito legal rexistrar unha propiedade para que esa propiedade sexa de un?

Sr. Alcalde: Sí.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Sí, parece obvio, pero non o é, porque non ten por qué. Eu podo rexistrar, e tardar, ou non querer rexistralo no Rexistro da Propiedade, porque pode haber un documento privado.

Sr. Alcalde: Pero, Juan Domingo, a propiedade está rexistrada.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Ben, pero iso pode ser porque Mahía non foi ao Rexistro da Propiedade a modificar iso, pero si pode haber un escrito privado no que si conste Mahía coa titularidade. Quero dicir que non é un requisito legal e o feito de que o Concello de Mugardos conste no Rexistro da Propiedade como propietario non implica ao cen por cen que sexa o propietario.

Sr. Alcalde: O único documento que garante a Mahía que é o dono do Pazo é a addenda que se aprobou no ano 2004, é o único requisito que lle da a propiedade, a sinatura da addenda, senón, para qué se fixo a addenda, Juan Domingo?

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Pois chegados a este punto non o sei. Si se venderon cousas que non eran nosas...

Sr. Alcalde: Para permutar unha parcela por outra.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Ben, pero para permutar unha parcela que non se podía permutar, porque me acabas de dicir que unha edificación non pode estar separada do solo onde está.

Sr. Alcalde: Pero ti permutaches a parcela con todo, como no seu día Mahía cedeu a parcela con todo.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Vale, entón estamos falando non de permutar parcelas, estamos falando de permutar unha parcela co Pazo e a parcela.

Sr. Alcalde: Claro, como nós recibimos o Pazo e a parcela, que o temos aquí.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Entón me parece ben, de todas maneiras, eu non quero..., a min persoalmente..., eu creo que non é unha irresponsabilidade política..., eu creo que si é unha irresponsabilidade política tomar decisións sen estar respaldado por informes; estou de acordo en que é unha decisión política, pero é que todas as decisións que tomamos aquí día tras día son decisións políticas, porque somos os políticos que fomos designados para tomar decisións políticas, avaladas sobre qué?

Sr. Alcalde: Avaladas ou non avaladas.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Avaladas ou non avaladas non, e non é a primeira vez neste Concello, e non levo moito tempo, que se repiten os informes textualmente, textualmente, cambiándolles a data, non é a primeira vez.

De todas maneiras eu non quero incorrer, e reitero, estamos de acordo non contido do que se está plantexando, ollo, estamos de acordo en facelo, pero hai que facelo baixo unhas premisas, nós non imos facelo a bote pronto.

Imos ver..., a pregunta que teño que facer é: Retrasa ata o luns para que nos dea tempo a revisar o fin de semana, co que elo conleva, polo menos pola miña parte, sacrificar o fin de semana para ver o convenio urbanístico e ver a addenda e para ver os informes xurídicos correspondentes, é moito pedirlle ao alcalde, para poder ter a constancia do que se está facendo? Pregunto, porque si é moito retrasar me parece ben. Eu o fago por un xesto de responsabilidade política, non o fago por nada, é máis, se ten que ser fóra dunha comisión de voceiros, eu estou disposto tamén.

Sr. Alcalde: Eu xa dixen ao principio, que se me entenda ben, que este Pleno é soamente para iniciar o expediente; onde verdadeiramente se vai facer o expediente de incoación de lesividade vai ser no próximo pleno, polo tanto, neste pleno os grupos, se non o teñen claro, poden dicir que non, pero este soamente é para darlle audiencia a Mahía, e nos fai falta o tempo; no próximo pleno, que é verdadeiramente onde se vai tomar o acordo de incoar expediente por lesividade e cando se vai, efectivamente, a poñer en marcha o proceso. Hoxe nada máis que é abrir o acto, darlle audiencia a Mahía durante dez días, e no próximo, antes do 24, que temos que facer un antes do 24, é cando imos aprobar definitivamente incoar expediente de lesividade; aí é cando os grupos que non o teñen claro, e como tedes aínda moitos días para ver o expediente, pois ides ter claro, efectivamente, si ides apoiar incoar expediente ou non; hoxe soamente é gañar

ese tempo de dez días para darlle a Mahía. Non pasa nada, no próximo pleno mirades o expediente todos, día e noite si queredes, e despois vides aquí co expediente ben estudado, e decides aquí, pois non o temos claro e non o imos apoiar, pero hoxe é gañar ese espazo, non implica absolutamente nada, o verdadeiro pleno vai ser antes do 24 ou o propio día 24.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Só unha pregunta máis: Cal é a maioría cualificada que ten que ser para saír...?

Sr. Alcalde: Maioría simple.

Sr. Fernández Ameneiro: Eu creo que aquí non se trata de retrasar, en ningún caso, nada do que está proponendo o alcalde, eu creo que máis ben do que se trataba, o que tratamos é de clarificar, e eu creo que sempre é bo debater para clarificar posturas. Dende o grupo socialista, e me imaxino que todos os grupos presentes aquí no Concello, estamos de acordo en que si é posible que o pazo sexa de titularidade pública pois mellor que mellor, non? Poder dispoñer dun inmovible desas características, pero o que si eu quero reiterar é que a día de onte no expediente o único que había era a proposta da alcaldía, e eu creo que para que todos podamos opinar e poidamos debater eu creo que sería interesante poder dispoñer dunha copia de toda a información de que dispón a alcaldía e de toda a documentación que...

Sr. Alcalde: Perdoa que che interrompa, pero acabo de dicir agora que ata o 20 ou 24 que imos facer o pleno decisorio, de tomar a decisión de incoar expediente de lesividade ides ter tempo de ver todo o expediente do que foi o convenio, a addenda e todo o demais.

Sr. Fernández Ameneiro: De todas maneiras, eu creo que aínda que é verdade que o tempo apremio, eu creo que si este pleno se celebrara o luns ou o martes temos tempo de sobra ata o 24, non hai máis que votar números, como di a compañeira Pilar, e teríamos tempo e non estaríamos hoxe aquí debatendo tanto tempo e dándolle tantas voltas e mareando a perdiz.

Sr. Bouza Rey: Hai dúas posicións, unha si se quere entender o que se trae ao pleno e outra, que este pleno non vai deixar sen efecto o segundo pleno que temos que facer, senón que é abrir un camiño que o grupo de goberno, e presentado polo alcalde, presenta ao pleno para iniciar un camiño, esperando, e como creemos, que o Pazo nos corresponde, lles corresponde aos veciños e veciñas de Mugardos; iso é abrir un camiño, non ten que ver nada con que teñamos que facer outro pleno e teñamos que facer dous plenos. Pero é que aquí hai un tema de fondo, nós creemos que o pazo é noso e haberá xente que teña dúbidas, pero o que ten que demostrar que o pazo no é noso será Mahía, non seremos nós, e si se equivocou o secretario ou se equivocou a comisión que no seu día lle dou para diante a iso, pois xa se verá, pero hoxe é o día 7 e o 24 está aí, e lle fan falta dez días ao sr. Mahía para que demostre que o pazo é del.

Claro, aquí se di, nos fiamos do secretario cando nos interesa, porque o da rúa María tamén estaba informado polo secretario e máis o equipo de goberno que estaba no seu momento, fai uns días aquí, pois vai polo fiscal ou por non sei onde. Entón, a ver si cando nos interesa nos interesa a todos, os informes técnicos do secretario ou de non sei qué. Pero aquí o tema de fondo é que nós pensamos que o pazo é noso e o que ten que demostrar que o pazo non é noso é Mahía, e o segundo pleno non vai conlevar..., posiblemente para a semana ou finais de semana teñamos que estar facendo o segundo pleno con toda a documentación que estamos falando aquí, isto é

iniciar un camiño que se non o iniciamos remata o 24, e o 24 remata o prazo para poder facer isto que estamos facendo. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: De verdade, eu podo entender a desconfianza dos do grupo do PSOE, porque son novos e todo iso, que descoñezan cousas sobre este tema, pero si hai grupos aquí que coñecen perfectamente o expediente e, polo tanto, cando nós traemos isto ao pleno, con carácter urxente e extraordinario, é que o traemos consecuentemente, non o traemos porque si, porque nos da a gaña, o traemos consecuentemente, calculamos os días que pode tardar, se imos mañá, o luns, a levarllo a Mahía, e que non o colla, ou que non estea, entón, o máximo de tempo posible que poidamos gañar pois iso vai permitir poder determinar no seu día, reabrir, digamos, este caso para enterarnos de si o pazo ou polo menos os argumentos que Mahía vai dar para dicir que o pazo é del.

Non se trata de facer aquí ningún cabalo de batalla, nin condenar a ninguén, xa o digo por diante, non se trata de condenar a ninguén, nin ao secretario, nin aos técnicos urbanísticos, nin aos concelleiros nin a ninguén, senón de tratar de recuperar algo que nós consideramos, polo documento que hai no Rexistro da Propiedade que é noso, e que a decisión, xa digo, se vai tomar sobre o día 23 ou 24, se vai tomar a decisión de se imos ir a ese expediente de incoación de lesividade, se vai tomar o día 24, e nese espazo de tempo todos os grupos van ter oportunidade de mirar os expedientes con lupa se fai falta, e aproveitamos ese espazo de tempo para que Mahía poida dar a súa resposta, e non vexo eu que poda ser..., se ides ter todos a oportunidade o día 24 ou o día 23 de decidir con coñecemento de causa, porque aí é onde imos decidir, non vexo eu porque agora se quere retrasar dous días máis, non fai falta que o secretario faga un informe ou que os técnicos fagan un informe para a decisión que imos tomar aquí, de dicir, ben...imos darlle audiencia a Mahía sobre este tema, non fai falta. Entón, tomemos a decisión, ou ben favorablemente, ou ben facilitar ao grupo de goberno que saque adiante este acordo e logo o día 24 ou o 23 xa os grupos manifestan politicamente a súa posición, e xa está. Creo que é bastante razoable, non estou dicindo nada do outro mundo.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Eu só unha pregunta e é que desde cando tes a acta do Rexistro da Propiedade, porque dixeches que tardastes bastante tempo en tomar a decisión de convocar o pleno e dado que esta corporación está formada dende o 16 de xuño; é dicir, se ti levas durante meses, probablemente durante anos, dende o ano 2003, entendendo que o Pazo das Condesas é de propiedade municipal...

Sr. Alcalde: Para nada, eu non dixen iso. Por favor, non terxiverses. A acta do Rexistro da Propiedade é do ano 2006.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Pero non estou falando da acta agora; a ver..., eu fago dúas preguntas. Primeira, desde cando tes a acta?

Sr. Alcalde: A acta de qué?

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Do rexistro da Propiedade, que indica que o Pazo das Condesas é de titularidade municipal, non de uso público, porque para encargar, supoño, o informe tiveches que ter previamente a acta, o informe non creo que o teñan redactado nun día, a

corporación nova está formada dende o 16, e na anterior había corporación. É dicir, o que ti levas meses, probablemente, decidindo, queres que os grupos municipais o decidan dende a unha da tarde, que recollimos a convocatoria, a hoxe ás 12,30? Claro, eu creo que iso si que non é xusto. Ademais con eses datos non aportados, independentemente de que só sexa abrir o proceso, porque o proceso hai que abri-lo, pero hai que pechalo tamén, e nós non temos ningún problema porque nós votamos en contra da addenda, quero dicir, co cal non temos ningún problema.

Sr. Alcalde: Segues sen entender a proposta que se fai ao pleno, porque o é interesadamente ou te fas a de Cobas, como se di vulgarmente. Se trata..., isto o día 6, pero é con isto..., aínda tendo isto eu non son capaz de..., tiven que informarme e eu din pasos, eu estiven na Dirección Xeral de Urbanismo, antes de dar un paso, antes da decisión final teño que dar pasos, teño que informarme e din pasos a varios sitios a urbanismo da Xunta, din pasos a avogados, que me asesoraron, e cando chegue o momento tomo a decisión, claro, e xa dixeran ao principio que é unha decisión que me da moito medo tomala, e de feito no a anuncio na prensa, como decides que nos enteramos pola prensa, eu non fixen anuncio ningún na prensa desto, que estamos tratando neste pleno hoxe aquí, coidado que é un tema moi importante para o Concello de Mugardos e que non podemos estar dando patadas no aire; polo tanto, digo que non pasa absolutamente nada si hoxe se toma a decisión de iniciar o expediente, se lle comunica a Mahía e o 24 se fai o pleno para determinar si efectivamente facemos esa incoación de expediente de lesividade de Mahía e é aí cando os grupos, se non o teñen claro, ou si o teñen demasiado claro, votarán nunha posición ou noutra. Agora soamente é gañar dous días para poderlle levar a Mahía este tema, este acordo do pleno de que presente, no prazo de dez días, as alegacións que considere oportuno para dicir que o pazo é del, deso se trata. Por qué imos esperar dous días máis senón pasa nada? Si a decisión final de tomar o acordo vai ser o día 24 ou o 23, pois aclarádeme a min a situación, si se pretende retrasar dous días máis ou tres días máis é que se está intentando que isto caduque, así de claro, porque si todos somos conscientes de que o pazo pode ser do Concello xa tiñamos que tomar o acordo fai unhas horas, o que pasa é que nos da igual todo.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Imos ver unha cousa, tiña tanta cousas que dicir... e se me foron esquecendo a medida que vou escoitando ao alcalde. O que estaba plantexando o grupo de Esquerda Unida é o que eu entendo tamén. O único que se estaba manifestando ou o que eu entendo tamén é que, evidentemente, unha decisión dese tipo, que se leva meditando tempo e tal... pero imos ver, fai unha semana, cando a corporación empezou, ou fai tres días ou dous días e medio, ou tres, hai que recoñecer, o alcalde ten que recoñecer, que podía telo dito, e dicir, o venres ou o sábado como maior tempo necesitaríamos un acordo plenario para iniciar o tema e nós, dous días antes, nos chapamos, miramos a documentación.

Sr. Alcalde: Se non é necesario chapar a documentación, a chapas para despois, cando tomes o acordo. Imos ver, se nós abrimos hoxe o acordo de tomar a decisión de iniciar o expediente e o 24 imos tomar o acordo definitivo de si facemos o expediente de incoación de lesividade, qué pasa? Se non pasa nada, o día 24 decides “non o temos claro” e xa está e xa se queda Mahía co pazo e se queda con todo, xa está, acabouse.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): O que eu non entendo é esa pertinaz idea de que ten que ser hoxe, non o entendo, e como non o entendo, o expreso e explico por qué. Da a impresión de que temos medo de que o secretario faga un informe, é do que estou convencido eu.

Sr. Alcalde: Para nada.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Estou falando eu, alcalde. Da medo que o secretario emita un informe e sobre todo que o secretario estea presente no pleno. Se ti me dis que o luns non da tempo, vale, pero é que da tempo, e argumentas dunha forma incomprendible “e que si Mahía non está”, mandas un burofax o luns e punto, ou o martes, e o 14, dixeches dez días, o catorce finaliza. Por favor, eu creo que é serio, que mañá é domingo, mañá é domingo.

Sr. Alcalde: Non finaliza o 14, son días hábiles, dez días hábiles.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Catorce, dez, o catorce, máis os días hábiles, o luns pola tarde, ou a última da mañá, se toma a decisión, punto, non hai problema ningún. Cal é o medo, o temor? Sabes cal é o temor que teño eu? Que teñades outra información que eu non manexo, esa é a miña preocupación. Por iso digo que estea o secretario aquí, que dea a información que ten que dar, ou que se ratifique na mesma información que tiña anteriormente e que nos dea a cara á xente, e que esas dúbidas que temos todos el as poida despexar. Simplemente é iso, e non é poñer atranco de ningún tipo. O resto todo é retórica.

Sr. Alcalde: Pero quen toma as decisións no pleno? O Secretario?

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Non, pero eu quero ter claro o tema, claro que non toma a decisión o secretario, claro que o secretario dixo que a rúa María non valía e ti dixeches que si, ese é o tema, pero ao contrario do que di Bouza, ao contrario do que di Bouza.

Sr. Alcalde: Non toma as decisións o secretario, políticas, home. Non as toma o secretario, as tomamos nós aquí no pleno.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Si xa o sei perfectamente, pero eu para tomar a miña decisión, contraria ou a favor, necesito información de asesor e ti o necesitaches, verdade? Os teus.

Sr. Alcalde: Pero ti xa tiveches a información do asesor.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Un novo, tes un informe novo, agora, duns avogados, pois eu quero un informe do avogado da corporación. Simplemente iso, non outra cousa, para ver si coincide co anterior ou hai novidades novas, punto, e se fai o luns e o luns pola tarde xa está.

Sr. Alcalde: Sobre este informe o secretario non vai informar nada

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Ben..., pois un informe sobre a túa proposta.

Sr. Alcalde: Ten que contestar Mahía, home, non terxiveres a información. Sobre este informe vai contestar Mahía, non o secretario.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Barcia, eu teño claro que ti tes máis información que a que estás manexando, comprendes? Bastante máis información da que estás manexando, o teño clarísimo e quero corroboralo co secretario, o luns aquí.

Sr. Alcalde: Pero ben, iso o vas decidir no próximo pleno.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Ben home, o vou decidir cando queira eu, non cando queiras ti. Xa está.

Sr. Alcalde: Non torpedees a decisión.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Non torpedeo nada, Barcia, porque o luns hai tempo suficiente, que mañá é domingo e hai burofax e non vai o carteiro en burro.

Sr. Alcalde: Non é fax, hai que levalo persoalmente.

Sr. Fernández Ameneiro: Ben, en primeiro lugar creo que deberíamos calmarnos un pouco todos, nos estamos poñendo tensos nun tema que non debía ter tanta transcendencia.

Sr. Alcalde: O acordo de hoxe non ten ningunha transcendencia.

Sr. Fernández Ameneiro: Eu quero manifestar que me ofende, polo que respecta ao grupo socialista, que digas que parece que queremos demorar a cousa para que a cousa caduque, non? Polo menos polo que respecta ao grupo socialista nos alegraríamos infinitamente de que o Pazo das Condesas fora de propiedade municipal. O que pasa é que volvo a reiterar que creo que o debate e a información axeitada é bo para que, posiblemente, non tivéramos que estar aquí tanto tempo e me gustaría, por ignorancia, a ver si me podías aclarar, non sei si é igual incoación de expediente que iniciación de expediente.

Sr. Alcalde: Non, non é igual.

Sr. Fernández Ameneiro: Me refiro porque estás dicindo reiteradamente que se vai iniciar o expediente de declaración de lesividade e aquí pon incoación de expediente de ...

Sr. Alcalde: Para incoar expediente.

Sr. Fernández Ameneiro: Pero aquí, na orde do día pon incoación de expediente.

Sr. Alcalde: Claro, hoxe é..., se inicia ese proceso dándolle audiencia a Mahía e no próximo pleno é cando se incoa o expediente de lesividade.

Sr. Fernández Ameneiro: Pois eu creo que entón eu creo que debía poñer na orde do día iniciación de expediente porque é a palabra que estás manexando reiteradamente.

Sr. Alcalde: Para incoar expediente, para incoar expediente. Entón, nós consideramos, si o traemos hoxe ao pleno, si o traemos ao pleno con carácter urxente e extraordinario o traemos porque consideramos que os tempos son moi axustados e non imos entrar en si o alcalde ou o grupo de goberno deixou pasar o tempo ou o trouxo expresamente agora; o que si é certo é que nos atopamos ante unha situación demasiado importante para o Concello de Mugardos, que se poida demostrar que ese pazo é do Concello, ou ao contrario, que tampouco pasa nada, pero nós temos un documento aquí que o demostra, que é noso, e que, polo tanto, a única forma, porque hai unha addenda aprobada no seu día, o 24 de xullo de 2004, ou 2003, e que, polo tanto, remata o prazo do 24 de xullo, e non imos mirar agora de quén foi a culpa ou de quén non foi a culpa, tampouco eu trato de mirar de quén foi a culpa, de quen aprobou a addenda ou quen fixo o convenio, eu non trato de mirar nada deso, porque se mirara algo deso o levaba ao fiscal, e non o levo ao fiscal, non trato de buscar culpables, nin buscar nada, trato de buscar xustiza e a xustiza se trata de que ese pazo sexa dos veciños e veciñas de Mugardos, que pase aos veciños e veciñas de Mugardos sen máis cuestións, e xa digo, hoxe non se decide absolutamente nada, soamente o inicio do expediente e a decisión de vai tomar o 23 ou o 24, que vai ser o último día en que imos ter oportunidade de facer o expediente, incoar expediente de lesividade, ese vai ser o último día. Hoxe o único que facemos é gañar un día ou dous para poder dicirlle a Mahía “tes dez días, dinos o que teñas que dicir” e punto, non hai máis nada. E dicir agora aquí, tal, tal e cal... eu digo que é retrasar, e non é moi responsable. Xa digo, aínda que descoñecerades todo o expediente, que non tiverades idea, se o alcalde os está dicindo que en base a isto, que hai esta documentación aquí, que quere facer... iniciar un expediente de incoación, todos os grupos tiñan que dicir “a unha como Fuenteovejuna”, todos os grupos, non queredes? Pois nada, non pasa nada tampouco. Ben, nós non o imos retirar, non imos facer outro pleno, o pleno que fagamos, si o facemos, será para incoar o expediente de lesividade. Entón, imos someter a votación o tema. Se non hai máis intervencións sometemos a proposta a votación.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por catro votos a favor (4 BNG), dous votos en contra (1 EU-IU, 1 IPMU) e seis abstencións (3 PSOE, 3 PP), acorda prestar a súa aprobación á proposta de acordo formulada pola Alcaldía e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1º.- En base ao previsto no art. 53 da Lei 7/1985, de 2 de abril e art. 103 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, incoar expediente de revisión de oficio para a declaración de lesividade do acordo plenario do 24 de xullo de 2003, polo que se aprobou definitivamente a Addenda ao convenio urbanístico de O Baño subscrito coa sociedade mercantil Mahía Inmobiliaria S.L.

2º.- De conformidade co art. 103.2 e 84 da Lei 30/1992, outorgar trámite de audiencia no expediente, por un prazo de dez días, a Mahía Inmobiliaria S.L., para que poida alegar o que xulgue oportuno en defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e cincuenta minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretaria accidental, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE,